

VIGO

SET > NOV '21 cultura

CONCELLO
DE VIGO



VIGO

SET > NOV'21

cultura

TIPO DE ESPECTÁCULO



Teatro



Maxia



Bebés



Circo



Danza



Monicreques

DATOS DO ESPECTÁCULO

Idioma



Duración
(minutos)



Prezo



RECOMENDACIÓN DE IDADE

Público
Adulto



Público
Familiar



Idade
recomendada



VENRES 24 E SÁBADO 25 DE SETEMBRO 19:00 HORAS
PRESENTACIÓN DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA NA RÚA DO PRÍNCIPE

TEATRO
DE RÚA



A GRAN VIAXE

[INVENTI TEATRO]



Autoría, deseño de son, iluminación e música:
Inventi Teatro
Dirección: Martín Maez

A capitá Centella e o doutor Potasio chegan coa súa nave á terra en busca do Ziscornio, o elemento necesario para salvar o seu planeta que está sendo atacado por bichos malignos. Co elemento secreto no seu poder, Centella e Potasio soben á súa nave espacial e despídense das boas xentes, dispoñéndose a despegar, pero comezan os problemas!!! Rompe o vehículo, perden o mapa, chegan os malos e a cousa complicase...

Escenografía: José Manuel Faro "Coti"
Vestuario: Ali Otero
Elenco artístico: Bea Campos e Marcos Alonso

Poderán Centella e Potasio regresar ao seu planeta? Conseguirán que as boas xentes da Terra os axuden? Pasen e vexan se estes intrépidos aventureiros dan conta do recado.



Idioma




+3 anos



Duración



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



Xacobeo 2021



AGADIC



Agencia Galega das
Industrias Culturais



XUNTA
DE GALICIA

VENRES 1 E SÁBADO 2 DE OUTUBRO
20:00 HORAS

TEATRO
COMEDIA



REINO DA EXTINCIÓN

[AMORODIO TEATRO]



Autoría e dirección: Laura Porto
Axudantía de dirección: Iago Pousa
Escenografía, deseño de son e deseño de iluminación: Bea de Vega
Construción: Dani Rodríguez
Vestuario e música: Amorodio Teatro
Elenco artístico: Alba Nogueira, Carmen Facorro, Javier Castiñeira e Raquel Velasco

Reino da extinción é unha comedia hilarante que conta a historia de catro persoas de diferentes épocas da historia galega que, forzadas a convivir nun alén moi distinto do que imaxinaban, poñen a proba a nosa idea do que significa ser galegos, vivir en Galicia e falar a nosa lingua. Que define a Galicia? Será a comida excelente, a dúbida constante ou... quizais a xente? E que é ser galega ou galego? Como é posible que unha personaxe da prehistoria sexa tan galega coma unha do século das luces? Foi Galicia a mesma en todos os momentos da súa historia? Cando comezou e cando rematará Galicia? Todo isto e máis descubriremolo coa axuda das nosas catro personaxes, bandeira de cadansúa época, a través dos seus divertidos encontros e desencontros neste alén tan axitado que, por veces, paréceselle moito ao inferno!



Idioma



Público
Adulto



Duración



Prezo

DOMINGO 3 DE OUTUBRO

12:30 E 18:00 HORAS

TEATRO
FAMILIAR



O XARDÍN DE VILA GRIS

[MANUEL POMBAL (de Fulano Mengano e Citano)]



Autoría: Manuel Pombal e Belén Canabal

Dirección e música: Manuel Pombal

Escenografía: Begoña Pérez-Herrera Moreno

Martín vive nun dos últimos recunchos verdes da cidade, coñece apaixonantes historias da natureza, e quere preservar, para os seus e para os que veñan no futuro, o seu fermoso espazo cheo de vida.

Pero non todo é tan sinxelo nin tan doado: En Vilagris, unha cidade ategada de edificios, onde a xente corre sen parar e sen pensar, unha sería

Deseño de son: Rafael Prieto

Elenco artístico: Manuel Pombal

ameaza voa sobre el: Don Nefasto Funesto, un cobizoso construtor de monstruosos edificios, quen adora o diñeiro máis ca nada no mundo, pretende apropiarse dese recanto, arrancar todas as arbores, e construír nel unha torre de cemento tan alta que non deixe ver a luz do sol.

Martín de ningunha maneira está disposto a perder o seu pequeno paraíso. E don Nefasto de ningunha maneira está disposto a perder todo ese diñeiro. Martín non cede pero don Nefasto tampouco.

No entanto, mentres as historias acontecen, o derradeiro lugar verde de Vilagris corre un grave perigo.



Idioma



Público
Familiar



+3 anos



Duración



Prezo



VENRES 8 E SÁBADO 9 DE OUTUBRO
20:00 HORAS

TEATRO
COMEDIA



GREENPISS [YLLANA]



Autoría e dirección: Yllana
Escenografía: Carlos Bryda
Deseño de son: Lus López Segovia
Deseño de iluminación: Fernando Rodríguez Berzosa

Vestuario: Tatiana de Sarabia
Música: Marc Álvarez
Coreografía: Elena Mora
Elenco artístico: Fidel Fernández, Luis Cao, Juanfran Dorado e Jony Elías

Greenpiss, unha divertidísima sátira sobre a ecoloxía, o futuro do noso planeta e a supervivencia da nosa propia especie.

O quencemento global, o uso abusivo dos plásticos, o consumismo desenfreado, a desaparición de miles de especies de animais e a posible extinción da nosa propia especie son o punto de partida desta nova loucura teatral de Yllana.

Catro actores en estado de graza desdóbranse en infinidade de personaxes, desde políticos a pinguíns, para tratar un tema que está en boca de todos e ao que Yllana ofrece unha receita clara para combatelo: humor acedo e sen barreiras que non deixará indiferente a ninguén.



Idioma



Público
Adulto



Duración



Prezo

DOMINGO 10 DE OUTUBRO

12:30 E 18:00 HORAS

TEATRO
FAMILIAR



QUIXOTE

[PEDRAS DE CARTÓN]

Autoría: Juan Rodríguez sobre o texto de Miguel de Cervantes

Dirección e coreografía: Laura Sarasola

Adaptación e escenografía: Juan Rodríguez

Deseño de son e música: Davide González

Deseño de iluminación: Dani Pais

Vestuario: Diego Valeiras

Elenco artístico: Juan Rodríguez e Pablo Sánchez

Quixote é un xogo cómico inspirado na coñecida obra de Cervantes. Un espectáculo para achegar os clásicos a toda a familia con humor e case sen palabras, no que Don Quixote viaxa polas terras de Castela co seu velocípedo, acompañado do fiel Sancho e un triciclo cargado de maletas.

O segundo espectáculo de Pedras de Cartón traballa, desta volta, cunha estética achegada ás películas de pallasos de Fellini.



Premio Barroco Infantil no XLIV
Festival Internacional de Teatro
Clásico de Almagro



Idioma



Público
Familiar



+4 anos



Duración



Prezo



VENRES 15 DE OUTUBRO

20:00 HORAS

LOS REMEDIOS

[LA_COMPañÍA EXLÍMITE]

TEATRO
CONTEMPORÁNEO



Autoría: Fernando Delgado Hierro

Dirección: Juan Ceacero

Escenografía e vestuario: Paola de Diego

Deseño de son, audiovisuais e axudante de dirección:
Majo Moreno

Deseño de iluminación: Juan Ripoll

Elenco artístico: Pablo Chaves
e Fernando Delgado-Hierro

Los Remedios é un barrio de Sevilla construído nos anos 50. Los Remedios é unha peza na que dous amigos da infancia xúntanse para tratar de entenderse a base de representarse; a eles mesmos, ás persoas que marcaron o seu desenvolvemento, ao contexto social que forxou a súa identidade. Los Remedios é unha viaxe ao que queda no propio corpo: os xestos, os tons, as posturas. É unha autoficción autodestrutiva feita por dúas persoas desenraizadas que removen a terra na procura de algo ao que aferrarse. É unha xenealoxía teatral que indaga na necesidade da representación e na súa capacidade transformadora. É unha peza sobre a amizade como resposta fronte ao desconcerto.



Finalista aos Premios Max 2021
nas categorías de Mellor Espectáculo
Revelación e Mellor Autoría Revelación



Idioma



Público
Adulto



Duración



Prezo



DOMINGO 17 DE OUTUBRO

12:30 E 18:00 HORAS

EL GRAN BRAULIO

[ADRIÁN CONDE]

MAXIA
FAMILIAR



Dirección: Adrián Conde e Marcelo Katz
Escenografía e vestuario: Yolanda González
Producción: Carolina Bello (Yuju Gestión cultural SL)
Elenco artístico: Adrián Conde

Braulio é o mellor mago do mundo, ou polo menos iso é o que él cre, pero... Quen somos nós para facerlle saber a verdade? Así é moito máis divertido e se soubese o ridículo que está a facer non se comportaría tal e como é. Un mago torpe e tan despistado que non é consciente de que os seus trucos ocorrenlle de pura casualidade.

Agora este excéntrico personaxe chega a Vigo para amosar o seu "xenial" espectáculo, pero... terá tanta sorte esta vez? Ven descubriro!!!



Mellor espectáculo no Festival
Internacional de Pallasos
de Valsequillo 2010



Idioma



+3 anos



Duración



Prezo





VENRES 22 DE OUTUBRO
20:00 HORAS



OTHELLO [VOADORA]



Autoría: William Shakespeare
Dirección e escenografía: Marta Pazos
Adaptación: Fernando Epelde
Deseño de son e música: Hugo Torres
Deseño de iluminación: Nuno Meira

Hai no relato de William Shakespeare unha historia de encontro, na que unha muller europea e un home africano namoran. Porén, contra o final do texto, ela morre asasinada por el. Othello é, asemade, vítima e verdugo. Sofre islamofobia e executa un feminicidio que nace dunha mentira. Unha mentira que, á súa vez, xorde da inseguridade e da creenza de entender, como propio, o que non se pode posuír.

#BlackLivesMatter, #NiUnaMenos, #Posverdad e #FakeNews danse cita unha historia escrita hai máis

Vestuario: Silvia Delagneau
Coreografía: María Cabeza de Vaca
Elenco artístico: Hugo Torres, Joaquín Abella, Ángel Burgos, Ana Esmith, María Vázquez e Chumo Mata

de 400 anos, pero que hoxe en día resulta próxima no tempo: en España, desde o ano 2013 morreron 1.053 mulleres asasinadas por violencia machista. Esta nova visión constrúese coa apertura do espazo íntimo, as conversas e accións do universo feminino a través das personaxes de Desdémona, Emilia e Bianca. Utilizando a comedia como xeradora de discurso sobre a dor e a rabia, preguntámonos que podemos facer, desde o noso presente, para deter o tempo no relato.

Xusto aquí:

Non hai tempo, é tarde (estrangúlaa). Othello, acto VII. Deter o tempo e voltar sobre os pasos da historia para entender como chegou ata ese punto. Detelo e proporlle ao público un debate arredor da construción do xénero, a percepción dun-ha mesmo-a e as relacións, e a propia estrutura do sistema patriarcal.



Idioma



Público
Adulto



Duración



Prezo

SÁBADO 23 DE OUTUBRO
20:00 HORAS

TEATRO
CONTEMPORÁNEO



CLAUSURA DO AMOR

[CÁMARA NEGRA TEATRO EN COPRODUCCIÓN
CO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO]



Autoría: Pascal Rambert

Dirección e adaptación: Carlos Álvarez-Ossorio

Elenco artístico: Teté García e Xosé M. Esperante

Clausura do amor é o texto máis representado do francés Pascal Rambert, estreado en Avignon e traducido a máis de dez idiomas. Trátase dunha obra de resistencia física e emocional, onde os dous

intérpretes deben abrirse en canal para enfrontarse a un texto visceral sobre a fin do amor.

O/a espectador/a asiste ao acto mesmo de clausurar o amor, de matalo en escena. Un duelo verbal que parte da dor, do medo e da liberación. Actuación e palabra. Nada máis. Un combate desgarrador e devastador, a través de dous monólogos intensos e inmensos.



Premio ao Mellor Espectáculo e á
Mellor Actriz na XXXI Edición do
Festival de Teatro Galego Celso Parada
(FETEGA) 2020



Idioma



Público
Adulto



Duración



Prezo



DOMINGO 24 DE OUTUBRO

12:30 E 18:00 HORAS

LA GRANJA

[TELONCILLO TEATRO EN COPRODUCCIÓN
CO TEATRO CALDERÓN DE VALLADOLID]

Xénero: teatro musical

Autoría e dirección: Ángel Sánchez e Ana Isabel Gallego

Escenografía: Juan Carlos Pastor, Eva Brizuela e Isabel Robledo

Diseño de son e música: Ángel Sánchez

Diseño de iluminación: César Rodríguez e Fran Carretero

Vestuario: Eva Brizuela

Coreografía: Ana Isabel Gallego

Elenco artístico: Ángel Sánchez e Ana Isabel

Maruja, a granxeira, érguese ao cantar o galo, quita catro lagañas e lávase coma un gato. Con ela pasaremos un día na súa granxa, espertaremos a todos os animais, darémolles o biberón a catro porquiños, curaremos á veciña de dona Loba grazas aos cinco lobiños, buscaremos quince ducias de ovos e coa vella ovella Miranda bailaremos un rock and roll. Quiquiriquí!!!



Premio ao Mellor Espectáculo
para a Primeira Infancia
FETEN 2018

Finalista aos Premios MAX 2019



Idioma



+6 meses



Duración



Adulto+Bebé*

* Resto de acompañantes entrada libre en patio de butacas con visibilidade reducida.



BEBÉS
FAMILIAR



VENRES 29 E SÁBADO 30 DE OUTUBRO
20:00 HORAS

DEJA VU

[MANOLO ALCÁNTARA]

NOVO
CIRCO



Autoría e dirección: Manolo Alcántara
Deseño de son e de iluminación: Ivan Tomasevic
Vestuario: Rosa Solé

Unha proposta de circo persoal, fronteirizo co teatro físico (apoiado noutras disciplinas como os monicreques, proxeccións, etc.), onde a curiosidade, a intuición e as ganas de explicar as cousas dun modo singular son o motor principal.

Música: Laia Rius
Elenco artístico: Manolo Alcántara, Andreu Sans e Xavi Valero

Deja Vu fala da distancia entre unha persoa e os seus soños, do que é e do que quereda ser. Soños moi ambiciosos que espertan os seus aires de grandeza, pero tamén imposibles, abocándoo ao desánimo. Soño ou realidade. Un espectáculo visual, suxerinte e arriscado.



Premio FETEN 2021 á Mellor
Adaptación de técnicas
circenses á nova dramaturxia



Público
Adulto



Duración



Prezo

DOMINGO 31 DE OUTUBRO

12:30 E 18:00 HORAS

SOY UNA NUEZ [ZUM-ZUM TEATRE]

TEATRO
FAMILIAR



Autoría: Ramón Molins a partir

do conto de Beatriz Osés

Dirección: Ramón Molins

Espazo escénico: Joan Pena (Plànton)

Vestuario: Rosa Solé

Iluminación: David Bofarull

Música: Antoni Tolmos

Elenco artístico: Jesús Agelet, Andrés Batista,
Begonya Ferrer, Jordi Gilabert/Albert García e
Antoni Tolmos

A avogada Marinetti é unha muller implacable e amargada que denunciou case todo. A súa vida muda o día en que Omar, un neno refuxiado, cae dunha póla da súa nogueira. Isto transforma a súa vida por completo e para poder quedar con el, di que é unha noz e que segundo unha antiga lei, todo froito que caía no seu xardín, pertencelle. Mentres Omar recorda como tivo que fuxir dun país en guerra, agardando ter unha oportunidade na vida.



Premios FETEN 2021 á
Mellor Dirección e Mellor
Interpretación Coral



Idioma



+5 anos



Duración



Prezo







VENRES 5 E SÁBADO 6 DE NOVEMBRO
20:00 HORAS

TEATRO



CIGARREIRAS

[CONTRAPRODUCCIÓN, TEATRO ROMEA,
HISTRIÓN TEATRO. ENCARO FACTORY]

Autoría: Emilia Pardo Bazán

Dirección e adaptación: Cándido Pazó

Escenografía: Dani Trillo

Diseño de son e música: Manuel Riveiro

Diseño de iluminación: Afonso Castro

Vestuario: Martina Cambeiro

Elenco artístico: Tamara Canosa, Susana Dans,
Iolanda Muñños, Isabel Naveira, Berta Ojea, Ana
Santos e Leticia Sola

No centenario do pasamento da novelista Emilia Pardo Bazán, Contraproduccións presenta unha relectura dunha das obras máis interesantes da autora: A Tribuna. A muller, o amor e os prexuízos de clase son os temas ao redor dos que xira esta relectura, facendo fincapé no ambiente e primeiras loitas femininas das traballadoras da fábrica de Tabacos da Coruña. E todo isto cun trasfondo político onde se asiste ao ocaso dos Borbóns e á atribulada proclamación da I República.



Idioma



Público
Adulto



Duración



Prezo



DOMINGO 7 DE NOVEMBRO

12:30 E 18:00 HORAS

NOVO
CIRCO



LOS VIAJES DE BOWA

[LA GATA JAPONESA]

Autoría, escenografía e vestuario: Elena Vives

Espejo-Saavedra

Dirección: Lucas Escobedo

Deseño de son e música: Proyecto Voltaire

Deseño de iluminación: Carlos Cremades Mendi

Elenco artístico: Elena Vives

Bowa, nómade orfa de raíces e soños, un día atopou unha botella na beira do mar. No seu interior hai unha mensaxe e algo a impulsa á procura do seu destinatario. O camiño é tan rico que se converte case nunha obsesión.

Horas de agarda e quilómetros de procura para facer chegar ao seu destino centos de mensaxes que navegaron encerrados no cristal brillante dalgunha botella.

Unha mensaxe levouna xusto a ese lugar, no que agarda atoparse con alguén que lanzou unha mensaxe ao mar agardando que chegase de volta. Esta persoa non aparecerá, pero algo especial ten ese lugar, algo familiar, algo tan estraño para ela como a calor dun fogar.

E lerá unha nova mensaxe. Esta escrita polo mar, ese vello sabio, testemuña das súas fazañas e consciente das súas ausencias. É o mar que guiou os seus pasos ata alí, é nese lugar onde as ás de Bowa atoparán terra para ancorar as súas raíces.

Este espectáculo transita por distintos estados emocionais da personaxe, que se apoian nunha linguaxe circense multidisciplinar: efectos de maxia,



que xorden dunha forma accidental, reforzando a peculiaridade dese espazo. Desenvolvemento dunha investigación sobre as botellas: manipulación, equilibrios e desmitificación do obxecto, facéndoo personaxe, escenografía, ou mero elemento de apoio. Acrobacia aérea, de carga técnica, pero desenvolvido de xeito orgánico e coherente e, por suposto, humor e poesía como elementos transversais.



- Premio do público no Festival mulleres con narices 2021 das Palmas de Gran Canaria
- Premio Kandengue Arts
- Premio Territorio Violeta
- Premio Cucha de Outono no Festival Circada 2020



Idioma



+6 anos



Duración



Prezo

VENRES 12 E SÁBADO 13 DE NOVIEMBRE

20:00 HORAS

NOVO
CIRCO



DROP [PISTACATRO PRODUTORA DE SOÑOS]

Autoría: Pablo Reboleiro e Pistacatro Produtora de Soños

Dirección: Pablo Reboleiro e Diego Anido

Adaptación: Pablo Reboleiro

Escenografía: Belém Brandido e José Perozo

Deseño de son e música: Nacho Muñoz

Deseño de iluminación: Octavio Mas

Vestuario: Uxia Vaello

Coreografía: Pablo Reboleiro e Marta Alonso

Elenco artístico: Pablo Reboleiro, Aitor Garuz, Guillermo Porta Gómez, Santiago Montero e Nacho Muñoz



Onde residen os obxectos?

Os obxectos, cando están quietos, deitados no chan, sobre as súas bases, poden ser útiles, belos, oportunos, rechamantes ou discretos... pero, non están vivos.

O lugar no que os obxectos destellan e se inflaman coa vida, onde realmente arden de vida, é no ar. E por isto que volvémonos tolos cos globos, coas pompas de xabón, os drons, as cometas e as estrelas.

Drop é un espectáculo de malabares, pero tamén, e sobre todo, Drop é un espectáculo de malabaristas. Persoas que desenvolven unha cualidade especial para manter obxectos flotando no ar. Un xogo de nenos convertido nun xeito de vida.

Pero fóra diso e, ao igual que o resto das persoas, os nenos medran e conviven co seu contorno, cos seus retos, os seus problemas, os seus atributos e carencia, e tratan de manter todo no aire para sobrevivir nun

lugar no que todo remata caendo.

Por iso Drop xoga, constantemente e máis ca nunca, coa metáfora que compara os malabares coa vida. E lémbraos que, dalgún xeito, todas e todos somos grandes malabaristas.

Catro malabaristas e un pianista convidánnos a vivir no mundo dos soños, no que ollamos patróns, coreografías de obxectos, debuxos no ar que non son outra cousa que os problemas e as tarefas do día a día de calquera de nós. E durante unha hora, se non se cae o mundo, faránnos saír do chan e volver a caer para lembrarnos que, isto da vida, non é máis ca un xogo.



Idioma



Público
Adulto



Duración



Prezo

DOMINGO 14 DE NOVIEMBRE

12:30 E 18:00 HORAS



TEATRO
FAMILIAR



LAIKA [XIRRIQUITEULA TEATRE]

Creación e dramaturxia: Enric Ases, Marc Costa, Christian Olivé, Daniel Carreras e Iolanda Llansó

Dirección escénica: Enric Ases

Escenografía e atrezzo: Marc Costa

Vestuario e utilaxe: Iolanda Llansó

Proxeccións: Christian Olivé

Iluminación e espazo sonoro: Daniel Carreras

Música orixinal: Albert Joan

Efectos sonoros: Edgar Vidal (Vidal 2 FX)

Edición e produción da banda sonora: Jero Castellá

Elenco artístico: Marc Costa, Christian Olivé, Daniel Carreras e Iolanda Llansó

A cadeliña Laika sobrevive polas rúas da xélida cidade. Pouco imaxina que o seu destino a levará ao espazo dentro do Sputnik 2 e pasará á historia da humanidade como o primeiro ser vivo en orbitar arredor da terra.



Premios Drac d'Or ao Mellor
Espectáculo e á Mellor Escenografía
da Fira Títelles Lleida 2018
Premio da Crítica ao Mellor
Espectáculo Familiar 2018
Premio á Mellor Autoría Colectiva
FETEN 2019

Premio de Teatro BBVA 2019
Finalista ao Premio MAX 2021 ao
mellor espectáculo para público
infantil, xuvenil ou familiar



Idioma



+5 anos



Duración



Prezo



VENRES 19 DE NOVEMBRO

20:00 HORAS

TEATRO



O CHARCO DE ULISES

[CENTRO DRAMÁTICO GALEGO]



Autoría: Santiago Cortegoso

Dirección e adaptación: Marián Bañobre e Santiago Cortegoso

Escenografía: Pablo Giráldez "O Pastor"

Vestuario: Saturna

Iluminación: Salvador del Río

Espazo sonoro e música en escena: Xosé Lois Romero

Coreografía: Ezequiel Merlo

Traballo de voz: María Costas

Caracterización: Baia Fernández

Asistencia de dirección: Carmela Bueno

Asistencia de produción: Xandre Vázquez

Elenco artístico: Óscar Allo, Miguel Borines, Mónica Camaño, Rosalía Castro, Raquel Espada, Manuel Millán, Fran Paredes, Chusa Pérez de Vallejo, Inés Salvado Gontad e Paulo Serantes

Versión libre da Odisea, traspasada a un contexto transatlántico. Do mar ao océano. De Itaca a Galicia. De Troia a Bos Aires. Do Mediterráneo ao Atlántico. A trama discorre en paralelo ao clásico de Homero, xerando un diálogo co mito orixinal, para tratar o fenómeno da emigración galega cun marcado compoñente poético.

Ulises permanece errante durante dez anos viaxando de illa en illa, vivindo aventuras inesquecibles, entre suculentos banquetes e fermosas mulleres. A idea do regreso á patria non o abandona nunca, pero a súa vida non había transcender se non saíra dela.



Idioma



Público
Adulto



Duración



Prezo

SÁBADO 20 DE NOVEMBRO

20:00 HORAS

TEATRO



PORVENIR

[IMPROMADRID TEATRO]

Autoría e dirección: Ignacio López

Escenografía, deseño de son e vestiario:

Tatiana de Sarabia

Deseño de iluminación: Ángel Hidalgo

Música: Luis de Pablo

Elenco artístico: Ignacio Soriano, Paloma Córdoba,
Elena Lombao, Borja Cortés e Ignacio López

Porvenir conta a historia de catro amigos de toda a vida que, encirrados pola deusa da fortuna, enfróntanse á incómoda pregunta de como queren vivir a madurez das súas vidas. Son eles os que levan as rendas da súa existencia ou, polo contrario, simplemente déixanse levar pasivamente polos seus quefaceres cotiás...? Porvenir non dá solución á pregunta pero si reivindica o feito mesmo de formulala e, sobre todo, a necesidade de atopar tempo para pensar nela. Dámonos o momento para reflexionar sobre o que queremos como seres humanos e por que o queremos? Estamos condenados a seguir o ritmo de Kronos (deus do tempo cronolóxico)? Non é a nosa responsabilidade defender e gozar de Kairós (o tempo oportuno e cualitativo)?



Idioma



Público
Adulto



Duración



Prezo

DOMINGO 21 DE NOVIEMBRE

12:30 E 18:00 HORAS

TEATRO
FAMILIAR



CUBO [ELEFANTE ELEGANTE]



Creación: Gonçalo Guerreiro e María Torres

Texto: Tiago Alves Costa

Dirección e escenografía: Gonçalo Guerreiro

Dirección de actores: Pablo Sánchez

Estructura escenográfica: Carolo Losada

Diseño de iluminación: Nacho Martín

Vestuario: Carolina Díguele

Música: Miguel Paz e Manuel Fonte

Elenco artístico: María Torres e Gonçalo Guerreiro

CUBO é un espectáculo de teatro de movemento para público infantil e familiar. En escena, un cubo de 2 metros de lado onde habitan dúas personaxes. Xogan, cantan, rin, pelexan e berran. Un día decátanse de que queren ir máis lonxe e descubrir o mundo enteiro. CUBO fala do confinamento, da amizade, das separacións e da aventura de medrar.



Idioma



+3 anos



Duración



Prezo

VENRES 26 DE NOVIEMBRE

20:00 HORAS

TEATRO



CHICAS Y CHICOS [SOL DE YORK]

Autoría: Dennis Kelly

Dirección: Lucía Miranda

Adaptación: Javier Ortiz

Escenografía: Anna Tusell

Diseño de son: Irene Maquieira

Diseño de iluminación: Pedro Yagüe

Vestuario: Anna Tusell en colaboración con Adolfo Domínguez

Elenco artístico: Antonia Paso

Ela é divertida e audaz. Unha muller que podería ser calquera. Cun marido, unha filla pequena que pasa o día construíndo cousas e un fillo menor que as destrúe. Enfrontouse a teitos de cristal, a un traballo ao que non estaba destinada, á conciliación, a sentirse mala nai e ás pequenas derrotas e vitorias da vida de calquera muller. Pero as cousas non son como parecen. E iso vai cambialo todo. Para sempre.

Ao finalizar a función o público asistente poderá participar nun breve encontro coa compañía



- Conmemoración do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller
- Finalista a Premio MAX 2021 Mellor Espectáculo Revelación



Idioma



Público
Adulto



Duración



Prezo



SÁBADO 27 DE NOVIEMBRE
20:00 HORAS

DANZA
CONTEMPORÁNEA



PIONEIRAS, THE POWER OF WOMAN

[iXa UNIVERSOS DE MOVEMENTO – XIÁN MARTÍNEZ]

Dirección artística e idea orixinal: Xián Martínez Miguel

Repetición: Sayoa Belarra.

Espazo sonoro e asistencia creativa: Fernando Martínez de Careaga

Asistencia coreográfica: Kateryna Humenyuk

Deseño de iluminación: Álvaro Estrada

Técnico de iluminación: Fermin Izko

Vestuario: Paula Barcia, Manuel Escurís e Saioa Matxain

Fotografía: Blanca Razquin

Coreografía: Ana F. Melero, Sayoa Belarra, Mariona Jaume, Kateryna Humenyuk, Paula Urquijo, Aritz Lasa, Marta Alonso, Paula Quintas, Tania Velo e Xián Martínez

Elenco artístico: Ana F. Melero, Sayoa Belarra, Mariona Jaume, Kateryna Humenyuk, Paula Urquijo, Aritz Lasa, Marta Alonso, Paula Quintas e Tania Velo

Por cada respiración, por cada bágoa e por cada pinga de suor. Pioneer, The power of Woman, une nunha experiencia de danza a infinitos tipos de mulleres, abandeira o cliché e destrúe o prexuízo sobre o xénero. Homenaxea as pioneiras, as que iniciaron a batalla pola igualdade, acompañas as que seguen pelexando e conmemoras as que non tiveron a oportunidade de vencer.

Baixo a poética da modelaxe e a natureza, Pioneer introduce á espectadora nun universo de almas fortes e loitadoras, nun mundo único de amor e respecto por cada individuo, pero sobre todo procura transformar a individualidade do ser humano na unidade dunha sociedade igualitaria. Nesta versión superlativa e única para Galiza nove mulleres darán voz o poder dun universo igualitario.



Ao finalizar o espectáculo haberá unha breve conversa con Afonso Becerra, autor do libro Historia da Danza Contemporánea e a equipa do espectáculo



**Público
Adulto**



Duración



Prezo

DOMINGO 28 DE NOVIEMBRE

12:30 E 18:00 HORAS

LAS COTTON

[ANITA MARAVILLAS & PORTAL 71]

MONICREQUES
FAMILIAR



Idea orixinal: Miren Larrea

Dirección: Iván Alonso

Música: Fran Lasuen e Miren Amuriza

Diseño de iluminación: Ion Chávez

Escenografía: Iñaki Ziarusta (Atx Teatroa)

Vestuario: Betitxe Saitua

Construcción de monicreques: Valentina Raposo

Atrezzo: Javi Tirado

Elenco artístico: Miren Larrea e Valentina Raposo/
Maren Basterretxea

Deixando atrás os perigos do seu pobo natal, a familia Cotton diríxese á cidade na procura de novas vidas e oportunidades. Entre os tellados e as luces da cidade, entre as teas, os fíos e as máquinas da fábrica, a nai e as súas dúas fillas vivirán novas aventuras e perigos descoñecidos. Pero esta vez non están soas e lanzaranse con forza ao desexo de ser felices.



Premio FETEN 2021 ao Mellor
Espectáculo de Títeres



+5 anos



Duración



Prezo



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EDUCACIÓN, CULTURA
Y DEPORTE



PLATEA

PROGRAMA ESTATAL
DE ARTES ESCÉNICAS



FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE
MUNICIPIOS Y PROVINCIAS

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E ACCESO AO RECINTO

1 O despacho de billetes do auditorio **pechará con estrita puntualidade cinco minutos antes** da hora prevista de comezo do espectáculo, momento no que ademais se pecharán as portas de acceso ao recinto. **Comezado o espectáculo, ningún poderá acceder á sala.** Solicítase a máxima colaboración anticipando a hora de chegada para evitar colas a última hora que produzan o atraso do comezo do espectáculo.

2 As **entradas non vendidas anticipadamente**, de habelas, estarán **dispoñibles** no despacho de billetes desde **unha hora antes do comezo** previsto para o espectáculo.

3 As **portas de acceso** abriranse **15 minutos** antes da hora prevista do comezo do espectáculo.

4 As entradas mercadas no despacho de billetes serán asignadas pola organización. En caso de querer seleccionar unha **localización concreta** deberán utilizar o **sistema de venda anticipada**. Todas as butacas ofertadas contan con boa visibilidade. **A organización non garante a autenticidade das entradas non adquiridas nos puntos de venda oficiais**, polo que neste caso declina toda responsabilidade.

5 **TODO o público pagará entrada**, independentemente da idade ou de ocupar ou non butaca. Non poderá acceder ao recinto ningún sen entrada para poder computar a capacidade efectiva por razóns de seguridade e conforme ao Plan de autoprotección do recinto. A capacidade é única e compútase por persoas, non por butacas ocupadas.

6 **Non se lle permitirá o acceso a quen presente unha entrada emendada, rota ou con indicios de falsificación. Non se admiten cambios nin devolucións.**

7 A organización informa, nos programas editados para a difusión de cada programación, das **idades recomendadas** para determinados espectáculos, que solicitamos **respecten na medida do posible** de cara a **garantir o seu bo desenvolvemento**.

8 Ao entrar no recinto, o público, consonte á lei, pode estar suxeito a un rexistro. **Non se permitirá a entrada de comida, bebida ou obxectos** que poidan ser considerados **perigosos** polo organizador ou estean prohibidos pola normativa vixente. **Resérvase o dereito de admisión.**

9 Nos **espectáculos** programados quedan **reservados todos os dereitos de imaxe e propiedade intelectual**. As persoas portadoras da entrada **non poderán introducir cámaras de fotografar, de vídeo ou gravadoras**; tampouco poderán, **nin filmar ou gravar o espectáculo sen autorización escrita da organización**; en todo caso, actuarase conforme aos acordos e a lexislación vixente que corresponda.

NORMAS ESPECIAIS COVID-19

Debido á situación actual provocada pola pandemia orixinada polo **COVID-19**, en calquera momento **poderán modificarse as normas de organización e acceso ao recinto**, así como os **horarios**, segundo as indicacións sanitarias de cada momento. No propio auditorio indicaranse as medidas especiais como **uso de máscara obrigatoria**, circuitos de entrada e saída diferenciados, **dispensadores de xel hidroalcohólico**, **distanciamento de seguridade** ou calquera outra medida que sexa imposta para garantir a seguridade do público e do persoal que traballa no recinto. Ademais **poderán establecerse quendas de entrada** segundo a localización das localidades, coa suficiente antelación que permita o acomodo do público co tempo necesario para que os espectáculos poidan comezar segundo o previsto.

VENDA DE ENTRADAS

ENTRADAS SOLTAS

As entradas soltas poderán adquirirse anticipadamente (sen gastos de xestión, ao mesmo prezo que no despacho de billetes).

- A través da páxina web de Giglon (www.giglon.com).
- Na Librería Librouro (Eduardo Iglesias 12, Vigo), en horario de luns a sábado, de 10 a 14 e de 17 a 20 horas.
- O mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo no despacho de billetes do Auditorio (sempre que houbese entradas dispoñibles).



Co obxecto de fomentar a asistencia ao teatro da mocidade, o público entre 12 e 18 anos poderá beneficiarse dun 30% de desconto no prezo das entradas soltas adquiríndoas anticipadamente a través de Internet co código de desconto OTEATROMOLA (no control de accesos do Auditorio poderá solicitarse a documentación acreditativa da idade).

ABONOS (Só en anticipada, non poderán adquirirse no despacho de billetes do propio Auditorio)


• **Abono á carta 5:** elixe 5 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun 10 % de desconto sobre o prezo total.

• **Abono á carta 10:** elixe 10 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun 25 % de desconto sobre o prezo total.

Existen 4 espazos reservados para persoas con mobilidade reducida en cadeiras de rodas e 4 ao seu carón reservadas para os seus acompañantes (de ser o caso). No caso de adquirir entradas nesta modalidade é importante comprobar ao seleccionalas se se trata de persoas con cadeiras de rodas (sen butaca) ou se son acompañantes destas (butaca ao carón do espazo destinado a cadeiras de rodas). As entradas adquiridas destinadas a mobilidade reducida sen cumprir estas características poderán ser anuladas sen posibilidade de reembolso.

Auditorio Municipal do Concello de Vigo
Praza do Rei 1. Vigo

giglon
.com


Auditorio Municipal do Concello
Praza do Rei s/n



**CONCELLO
DE VIGO**



Vigocultura



@Vigo_cultura



vigocultura



INFORMACIÓN:

Teléfonos:

Desde Vigo: 010

Desde móbil ou fóra de Vigo: 986 810 260

Horario:

Luns > Venres: 8.00 a 20.00 horas

Sábados: 10.00 a 14.00 horas



Auditorio Municipal do Concello
Praza do Rei s/n

